

INFORMÁTICA -  
ADMINISTRACIÓN  
ELECTRÓNICA

ÁREA DE GOBERNO  
DE  
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,  
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10202/ 113

## INFORME NECESIDADE E IDONEIDADE E ORDEN INICIO EXPEDIENTE

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL).

### INFORME – PROPOSTA

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Co presente contrato preténdese a contratación do subministro de conmutadores para a rede de datos municipal.

O Concello de Vigo dispón dunha importante infraestrutura de conmutadores de datos para as redes locais da sede central así como das sedes remotas. Estes equipos electrónicos posibilitan a conexión á rede de máis de 3000 dispositivos, como son teléfonos, ordenadores, impresoras, cámaras, puntos de acceso wifi etc. sendo críticos para o desenvolvemento das funcións municipais.

Os conmutadores ("switches") actuais son de diversas gamas e épocas, estando unha grande parte de eles obsoletos e sen soporte do fabricante.

Polo tanto, precísase a renovación do parque de conmutadores cos obxectivos de modernizar a rede, mellorar as súas prestacións e facela máis homoxénea para facilitar a operación e o mantemento.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 127 da Lei 7/85, co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP, e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, elévase á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Iniciar o expediente administrativo para a contratación, por procedemento aberto, do SUBMINISTRO DE CONMUTADORES PARA A REDE DE DATOS MUNICIPAL.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 08:55

Páxina 1 de 2

10202-113

CSV: A4AE3C-D43C8D-CBCF36-4M81X3-3QLH6D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

INFORMÁTICA -  
ADMINISTRACIÓN  
ELECTRÓNICA

ÁREA DE GOBERNO  
DE  
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,  
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10202/ 113

Vigo, na data da sinatura dixital

O Técnico Responsable de Seguridad Informática.- José Francisco Mourelle González

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica.- Antonio Villanueva Guimeráns

## DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridad, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE, a Secretaria do Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 08:55

Páxina 2 de 2

10202-113

CSV: A4AE3C-D43C8D-CBCF36-4M81X3-3QLH6D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>